



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 3 DE ABRIL DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de varios treitos da estrada autonómica AC-546 a prol do Concello da Baña

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Decreto polo que se acorda a intervención administrativa da Confraría de Pescadores de Ferrol

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo para interpoñer, de conformidade co artigo 32.2 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, recurso de inconstitucionalidade en relación ao artigo único, puntos 8 e 9 da Lei do Estado 17/2007, do 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Emigración e a Fundación Galicia Saúde, para o desenvolvemento de dous programas de atención socio-sanitaria destinados ás persoas de orixe galega e aos seus descendentes residentes en Bos Aires

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo de colaboración con Gas Galicia para subministración no polígono industrial do Pousadoiro, en Vilagarcía de Arousa

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Autoridade Portuaria da Coruña, para a realización da obra 'Reforma e acondicionamento de nave de procesado", para o sector de pesca de baixura da Coruña
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR) e o Loitamar Sociedade Cooperativa Galega, para a realización do estudo: *Influencia da infección por uronema e outros ciliados hisiófagos parásitos en cultivos mariños de rodaballo nas augas das rías galegas*

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba definitivamente o Proxecto sectorial de implantación territorial de seis microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos, modelos T2 T3
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual da nova convocatoria de axudas para a mellora da xestión e explotación dos puntos limpos construídos na nosa Comunidade Autónoma, por importe de dous millóns de euros (2.000.000 €)
- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Sarria para a execución da obra "Mellora de abastecementos na comunidade autónoma. Novo abastecemento de auga a Sarria" por importe de un millón novecentos tres mil trescentos cincuenta e oito euros con cincuenta e dous céntimos (1.903.358,52€)

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para a sinatura dun convenio de colaboración coas centrais sindicais Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT-Galicia), Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (S.N. de CC.OO. de Galicia), Confederación Intersindical Galega (CIG) e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), para o desenvolvemento de actividades formativas en materia de prevención de riscos laborais



CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello da Coruña para o impulso do Plan de rexeneración dos espazos urbanos na Cidade Vella e Pescadería
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e a Universidade de Santiago de Compostela para o acondicionamento das fachadas das vivendas dos catedráticos no campus sur, en Santiago de Compostela

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe sobre liquidación e peche do exercicio 2007



POLÍTICA TERRITORIAL TRANSFIRE AO CONCELLO DA BAÑA A TITULARIDADE DE VARIOS TREITOS EN DESUSO DA ESTRADA ENTRE NEGREIRA E A PEREIRA

- *A Xunta cede ao municipio a xestión dos treitos da antiga AC-443 que quedaron en desuso tras a remodelación da estrada e da súa conversión en AC-546*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto sobre o cambio de titularidade dun total de doce treitos da estrada AC-546 Negreira-A Pereira, que pertencen á Comunidade Autónoma e que serán transferidos ao Concello da Baña, xa que todos eles se atopan no seu termo municipal. A antiga estrada AC-443 (agora AC-546) foi obxecto dunha profunda remodelación, especialmente de rectificación de curvas, tras a cal quedaron en desuso moitas zonas que non dan continuidade a itinerarios de interese autonómico, polo que agora pasarán a ser titularidade do Concello da Baña.

A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñan características de urbanas ou ben por pertencer a treitos antigos de estradas nas que se fixeron variantes de trazado, como é o caso dos tramos obxecto deste decreto.

A transferencia foi solicitada polo propio concello e conta co informe favorable da Dirección Xeral de Estradas. A entrega formal realizarase mediante a sinatura da correspondente acta, nos dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe. A partir dese momento, o Concello da Baña asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación dos devanditos treitos sobrantes.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE ACORDA A INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA DA CONFRARÍA DE FERROL

- *A medida vén motivada pola falta de liquidez do pósito e por non ter presentado as contas de 2005 e 2006*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto polo que se acorda a intervención administrativa da Confraría de Pescadores de Ferrol. Esta medida vén motivada pola manifesta falta de liquidez do pósito para facer fronte ás débedas que ten contraídas coa Facenda Pública galega, así como por non ter presentado as contas dos anos 2005 e 2006 perante a Administración autonómica, tal e como establece a normativa vixente, a pesares dos requirimentos feitos pola Consellería de Pesca.

Deste xeito, e perante o risco que esta situación pode supoñer para a existencia da Confraría e os seus socios, decidiuse a súa intervención o que implicará o nomeamento, por parte da Consellería de Pesca, dun interventor. Este terá, entre outras funcións, a de autorizar calquera tipo de xestión económica, pagamentos ou cobros que efectúe o pósito; inspeccionar os libros contables e toda a documentación que incida na actividade económica, e informar á Conselleira de todas aquelas cuestións importantes que acontezan respecto a esta confraría e aos seus negocios para que se adopten as resolucións que sexan necesarias en defensa e protección dos intereses dos seus socios.

A intervención administrativa do pósito prolongarase por seis meses aínda que, no caso de que a súa situación económica non estivera restablecida neste prazo, podería prorrogarse por un período de igual duración. Ademais, durante este tempo, a Confraría de Pescadores de Ferrol non poderá realizar ningún acto de contido económico e patrimonial sen previo coñecemento e autorización do interventor responsable.

A Lei 9/1993, do 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia, establece no seu artigo 1.2º que as confrarías quedan suxeitas á tutela da Administración pública galega, exercida a través da Consellería de Pesca. No desenvolvemento desta norma ditouse o Decreto 261/2002, do 30 de xullo, que no seu capítulo V, sobre o réxime orzamentario, económico e contable das Confrarías de Pescadores de Galicia estipula, entre outras cuestións, a obriga de presentar as contas anuais destas entidades ante o departamento autonómico de Pesca e ante o Consello de Contas da Xunta unha vez estean aprobadas pola súa xunta xeral.



A XUNTA ACORDA INTERPOÑER UN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA A LEI 17/2007 DO SECTOR ELÉCTRICO QUE DESPRAZA AO ESTADO AS COMPETENCIAS SOBRE A REDE PRIMARIA

- *Considera que a Lei do Estado 17/2007, pola que se modifica a Lei 54/1997 do sector eléctrico para adaptala á Directiva 2003/54/CE do Parlamento e do Consello europeo, non respecta as competencias autonómicas que atribúen a Constitución e o Estatuto de autonomía*
- *Entende que o nivel de tensión das liñas non é un criterio constitucional de distribución de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas*
- *Tanto a Constitución española como o Estatuto de autonomía establecen con carácter exclusivo, o criterio da territorialidade para a repartición das competencias en materia de enerxía eléctrica*

O Consello da Xunta acordou interpoñer un recurso de inconstitucionalidade contra o artigo único, puntos 8 e 9, da Lei do Estado 17/2007 do 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, para adaptala ao disposto na Directiva europea 2003/54/CE sobre as normas comúns do mercado interior da electricidade. O Goberno galego considera que a modificación que a Lei 17/2007 fai dos artigos 3.2.a) e 3.3.c) do texto anterior non é respectuosa co esquema constitucional e estatutario de distribución de competencias en materia de enerxía eléctrica, ao desprazar cara ao Estado a competencia para a autorización de todas as instalacións de transporte primario.

Para resolver a discrepancia entre a comunidade autónoma e o Estado, en setembro de 2007 a Comisión Bilateral de Cooperación acordou designar un grupo de traballo. Na reunión que mantivo este grupo o pasado 27 de febreiro, o Estado defendeu a literalidade do texto da Lei, non aceptando a solicitude da comunidade autónoma e sen achegar alternativas para a solución das discrepancias. A Xunta e a súa Consellería de Innovación e Industria decidiron, por tanto, continuar os trámites para a interposición do recurso de inconstitucionalidade.

Segundo o artigo 149.1.25 da Constitución española, o Estado ten a competencia para ditar as bases do réxime mineiro e enerxético, e correspóndelle ademais, atendendo ao artigo 149.1.22, a competencia sobre infraestruturas de transporte de enerxía cando saian do ámbito territorial dunha comunidade autónoma. Pola súa parte, segundo establece o Estatuto de autonomía no seu artigo 27.13, Galicia ten as competencias en relación “ás instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía eléctrica, cando este transporte non saia do seu territorio e o seu aproveitamento non afecte a outra provincia ou comunidade autónoma”. Así mesmo, como recolle o Estatuto no artigo 28.3, é competencia galega o desenvolvemento



legislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de réxime mineiro e enerxético.

Por tanto, tanto na Constitución como no Estatuto de autonomía, establécese con carácter exclusivo o criterio da territorialidade como criterio distribuidor de competencias. Neste senso, a principal novidade que introduce a Lei 17/2007 na modificación do artigo 3.2.a) da Lei 54/1997 é atribuír á Administración Xeral do Estado competencia para a autorización de todas as instalacións de transporte primario, de xeito que só mantén o criterio da territorialidade para o transporte secundario e a distribución, excluindo as liñas de transporte primario. Establécese deste xeito, nesta modificación da lei, o nivel de tensión como novo criterio de repartición de competencias. De acordo co novo texto, o Estado sería competente para todas as instalacións de tensión igual ou superior a 380Kv (rede primaria), e tamén para as de tensión igual ou superior a 220Kv (rede secundaria) que excedan o ámbito territorial da comunidade autónoma.

Xurisprudencia do Tribunal Constitucional

Con respecto a este desprazamento competencial, a xurisprudencia ditada polo Tribunal Constitucional (STC 111//93) establece que a aplicación do dereito comunitario, que é o obxecto da Lei 17/2007 segundo se recolle na súa exposición de motivos, non pode ser unha escusa para a modificación das listaxes de competencias. Nesta liña, a propia Comisión Nacional da Enerxía, no seu informe sobre o anteproxecto desta Lei, nº 18/16, xa recoñeceu que esta distribución non ten ningún amparo nas directivas a transpoñer: “A subdivisión que introduce o anteproxecto de lei, en canto a transporte, primario e secundario, escapa das previsións contidas na directiva”.

Por outro lado, o propio Tribunal Constitucional descartou que toda liña de alta tensión sexa sempre de atribución ao Estado, polo que “haberá que comprobar en cada caso se cada liña se integra ou non na Rede Xeral Peninsular, o que non sempre sucede con todas as liñas de alta tensión” (STC 12/84).

O nivel de tensión é unha característica técnica da instalación que nada ten que ver co feito de que o transporte da enerxía saia do ámbito territorial dunha comunidade autónoma. O obxecto de elevar a tensión dunha liña é fundamentalmente diminuír as perdas de enerxía no transporte, así como aumentar a súa capacidade, independentemente da orixe xeográfica da enerxía e do seu destino final.

Por tanto, o Goberno Galego e a súa Consellería de Innovación e Industria consideran que a admisión do criterio da potencia como divisor de competencias en materia de transporte de enerxía eléctrica apártase dos criterios de repartición constitucionalmente establecidos.



A SECRETARÍA DE EMIGRACIÓN E A FUNDACIÓN GALICIA SAÚDE ASINAN UN CONVENIO PARA MELLORAR A PRESTACIÓN SANITARIA A GALEGOS CON DIFICULTADES RESIDENTES EN BUENOS AIRES

- *O convenio, ao que o departamento de Emigración achegará 325.000 euros, permitirá, asemade, a condonación e bonificación de cotas sociais*

O Consello da Xunta autorizou hoxe que a Secretaría Xeral de Emigración estableza un marco de colaboración coa Fundación Galicia Saúde co fin de contribuír á atención das necesidades sanitarias e socio-asistenciais básicas dos galegos e das persoas de orixe ou ascendencia galega residentes en Buenos Aires que se atopen en situación de carencia ou xubilación con ingresos mínimos e non poidan afrontar este gasto.

O departamento de Emigración do Goberno galego acorda coa Fundación Galicia Saúde dous tipos de actuacións. Por unha parte, un programa de condonación e bonificación de cotas sociais de persoas con carencias. Na actualidade, a Fundación Galicia Saúde está condonando, total ou parcialmente, as cotas sociais que dan dereito á asistencia sanitaria na área hospitalaria da Mutual do Centro Galego de Buenos Aires das persoas de orixe galega e dos seus descendentes que se atopan en situacións de carencia, tendo en conta criterios como son a súa situación económica, a idade e a antigüidade como socios. En total, unhas 750 persoas veranse beneficiadas por esta medida de condonación de débeda en distinto grao.

Por outra parte, acorda tamén un programa de realización de consultas, prácticas médicas e ingresos hospitalarios de persoas con carencias. En situacións extraordinarias a Fundación Galicia Saúde, mediante a área hospitalaria da Mutual do Centro Galego de Buenos Aires, presta asistencia sanitaria puntual a aquelas persoas de orixe ou ascendencia galega non integradas na mutualidade sempre que carezan dos medios económicos suficientes para facer fronte aos gastos que dela deriven.

A Secretaría Xeral de Emigración, coa sinatura do convenio, achegará a contía de 325.000 euros, que se distribuirá entre os distintos programas de acordo co seguinte: 110.000 euros para o programa de condonación e bonificación de cotas sociais. A cota mensual dos socios ascende na actualidade á cantidade de 185 pesos arxentinos (40,2 euros). A redución da cota poderá acadar unha porcentaxe do 100%, 50% ou 25% dependendo da situación económica e persoal do beneficiario.

A cantidade de 215.000 euros irá destinada ao programa de realización de consultas, prácticas médicas e ingresos hospitalarios, beneficiando a arredor de 1.000 persoas cada ano. O convenio estende a súa vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2008.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA DESTINA 176.100 EUROS Á SUBMINISTRACIÓN DE GAS DO POLÍGONO INDUSTRIAL NO POUSADOIRO, EN VILAGARCÍA DE AROUSA

- *A Xunta asinará un convenio de colaboración con Gas Galicia para levar a cabo as obras de mellora deste servizo na zona, que ascenden a un orzamento total de máis de 500.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a empresa Gas Galicia mediante o cal se establecerán as liñas de actuación que permitan a construción da infraestrutura gasista necesaria para dar subministración de gas natural ao polígono industrial do Pousadoiro, localizado no concello de Vilagarcía de Arousa.

Así, a Consellería de Innovación destinará unha partida de 176.100 euros, que estarán repartidos en dúas anualidades de 132.075 euros e 44.025 euros en 2008 e 2009, respectivamente. Esta contía supón un 30 por cento do investimento total que se terá que facer na zona, que é de 587.000 euros. Este convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2009.

As actividades que se levarán a cabo grazas a este convenio responden á idea da Consellería de promover todas as actuacións que resulten acaídas para facer atractivo o investimento produtivo dentro do territorio galego a través da planificación e implantación das infraestruturas enerxéticas naquelas zonas que se consideren prioritarias de acordo co deseño de política industrial de Galicia. Por iso, a Consellería ten como obxectivo o deseño no marco de planificación enerxética e a creación dunha infraestrutura de transporte e distribución de gas que actúe como factor de competitividade para o seu tecido empresarial e de calidade de vida para a súa cidadanía.



PESCA E A AUTORIDADE PORTUARIA DA CORUÑA COLABORARÁN PARA A REFORMA E ACONDICIONAMENTO DUNHA NAVE DE PROCESADO

- *A Consellería achegará máis de 400.000 euros para a posta en marcha desta obra, que terá un prazo de execución de seis meses*
- *Esta actuación realizarase nunha nave da que dispón a Autoridade Portuaria coruñesa dentro da zona de servizo do porto*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Autoridade Portuaria da Coruña para a realización da reforma e acondicionamento dunha nave de procesado para uso do sector da pesca de baixura da cidade herculina. Para esta obra, que terá un prazo de execución de seis meses, o departamento que dirixe Carmen Gallego realizará unha achega total de 442.439,70 euros, cofinanciados con fondos europeos.

O obxectivo desta actuación, na que colaboran ambas as dúas entidades, é solventar unha carencia existente actualmente relativa á comercialización e procesado dos recursos pesqueiros que captura a frota de baixura coruñesa e, sobre todo, do polbo, unha das especies máis importantes para o Porto da Coruña. Deste xeito, a posta en marcha dunha planta de procesado servirá para cubrir esta necesidade e para dar un pulo ao sector, apostando pola venda de produtos de calidade, así como para mellorar as infraestruturas e os servizos dos que dispoñen na actualidade. Esta obra realizarase nunha nave da que dispón a Autoridade Portuaria, dentro da zona de servizo do peirao.

Cabe destacar que o departamento de Pesca, no marco das súas competencias, vén realizando nos últimos anos, con cargo aos fondos comunitarios destinados á pesca e asignados á Comunidade Autónoma, investimentos en infraestruturas e equipamentos nos portos pesqueiros de Galicia, tanto de competencia autonómica como estatal, co fin de mellorar os servizos dos que dispón o sector da pesca nestas áreas. Dentro destas accións que realiza a Consellería é onde se enmarca a iniciativa prevista na rada coruñesa.

Pola súa parte, a Autoridade Portuaria da Coruña conta cunha importante lonxa pesqueira que no ano 2006 poxou máis de 30.000 toneladas de produtos pesqueiros que acadaron un valor en primeira venda de 101,5 millóns de euros. Nos últimos anos puxo en marcha investimentos no seu porto co fin de mellorar as infraestruturas e os servizos prestados ao sector da pesca fresca. Entre estas actuacións destacan a instalación de medios de carga no peirao de Linares Rivas, a adquisición de básculas para a pesaxe do peixe na lonxa da Coruña, mellora da estrada exterior do Porto, así como a pavimentación do extremo do dique da Dársena de Oza.



O INTECMAR E LOITAMAR ESTUDARÁN A INFLUENCIA DA INFECCIÓN POR *URONEMA* E OUTROS PARÁSITOS NO CULTIVO MARIÑO DO RODABALLO

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), dependente da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e a empresa Loitamar Sociedade Cooperativa Galega para a realización do estudo “Influencia da infección por *Uronema* e outros ciliados histiófagos parasitos en cultivos mariños de rodaballo nas augas das rías galegas”. Para a posta en marcha desta iniciativa, que entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e rematará o 31 de decembro de 2008, o Intecmar destinará a cantidade de 420.000 euros.

O Intecmar é o instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia encargado das funcións de control da calidade do medio mariño, de aplicación das disposicións legais en materia de control técnico-sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnico-científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción en augas galegas.

Pola súa parte, a empresa Loitamar é unha cooperativa de acuicultura produtiva dedicada ao cultivo do rodaballo en piscifactorías flotantes instaladas en augas da Ría de Vigo. Leva a cabo pois unha técnica innovadora de cultivo desta especie que permite que os peixes presenten unha textura máis compacta e un contido en graxa menor en relación coas producións en instalacións de acuicultura mariña en terra, posto que se cultivan no seu hábitat de orixe.

Hai que sinalar tamén que o rodaballo é unha especie eurihalina, relativamente sensible aos cambios bruscos de salinidade que, ás veces, se producen nas rías galegas. De feito, nos últimos tempos véñense rexistrando na piscifactoría flotante de Loitamar mortalidades elevadas deste peixe relacionadas co desenvolvemento deste tipo de parasitos do grupo dos *Scuticociliados* entre os que se inclúe o *Uronema*. Ademais, o estrés ambiental ao que se ven sometidos os peixes supón un aumento da sensibilidade ás enfermidades de tipo bacteriano e parasitario, polo que as variacións ambientais que poden sufrir os exemplares cultivados neste tipo de instalacións poden determinar un aumento no impacto dos citados parasitos.

Tendo isto en conta, o obxectivo deste proxecto de investigación, para o que colaborarán ambas as dúas entidades, é realizar un diagnóstico inmediato do *Uronema* e doutros ciliados histiófagos parasitos nas gaiolas de cultivo, así como estudar os factores que inflúen na aparición e transmisión deles na cría de rodaballo.



Plan de traballo

As accións que se desenvolverán no marco deste estudo irán dirixidas á realización dun estudo de seguimento da prevalencia do *Uronema* e outros ciliados histiófagos parasitos e estudar a influencia destes sobre o crecemento e mortalidade do rodaballo criado en instalacións flotantes. Así mesmo, buscarase avanzar no coñecemento do efecto das variables ambientais na incidencia destes parasitos e valorar outro tipo de elementos que poden contribuír á proliferación da enfermidade, a través da localización dos alevíns dentro destas instalacións.

Os responsables do proxecto de investigación serán a Unidade de Patoloxía do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, e o equipo do departamento de Dirección Técnica de Loitamar.



A XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL PARA A IMPLANTACIÓN DE SEIS MICROPLANTAS DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS NA PROVINCIA DE OURENSE

- *O acordo permitirá regular as instalacións, que forman parte dun convenio de colaboración suscrito entre a Deputación de Ourense, entidade que as promoveu, e Sogama, en abril de 2004, para a execución dun plan de recollida de residuos*
- *As plantas están situadas nas mancomunidades de Conso Frieiras, Ourense (Maceda), Monterrei, Santa Águeda (A Peroxa), O Carballiño e o Concello de Viana do Bolo*

O Goberno galego aprobou hoxe, por instancia da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, o proxecto sectorial implantación de seis microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos na provincia de Ourense. O acordo ten por obxecto regular seis instalacións, as de Conso Frieiras, Maceda, Monterrei, Santa Águeda, O Carballiño e O Concello de Viana do Bolo. Así mesmo, persegue a declaración de utilidade pública e interese social das obras e servizos, así como a modificación do planeamento urbanístico municipal, adecuando as súas determinacións ao proxecto que se aproba.

As plantas forman parte dun convenio de colaboración suscrito en abril 2004 entre a Deputación de Ourense, promotora das instalacións, e Sogama para a execución dun plan de recollida selectiva de residuos. As infraestruturas foron construídas, aínda que non chegaron a entrar en funcionamento debido á carencia de permisos como a autorización de verteduras ou licenza de actividade, ademais do proxecto sectorial.

O función das plantas de transferencia na xestión dos residuos é reducir os custos ambientais inherentes nos traslados dos despoños. O seu obxecto das mesmas é evitar o traslado de pequenas cantidades de residuos dende os concellos directamente á planta de Sogama en Cerceda e para iso se utilizan as denominadas estacións de transferencia. Neste intre, os residuos dos concellos anteriormente citados están a ser enviados á planta de transferencia de Ourense, afastada deles e ao límite da súa capacidade.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ 2 MILLÓNS DE EUROS Á MELLORA DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DOS PUNTOS LIMPOS EN GALICIA ENTRE 2008 E 2009

- *Os concellos ou entidades que xestionen este tipo de instalacións poderán acollerse ás axudas, que sufragarán ata o 35% do custo anual estimado da explotación das mesmas*
- *Na comunidade existen na actualidade un total de 115 puntos limpos, que se poden acoller a esta orde de subvencións*
- *O departamento autonómico puxo en marcha esta liña de axudas durante o pasado exercicio, resultando beneficiarios 54 solicitantes*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 2 millóns de euros á mellora da xestión e explotación dos puntos limpos de Galicia, entre este ano e o vindeiro. A orde de axudas, aprobada hoxe polo goberno galego, ten como obxectivo acadar unha maior eficacia no aproveitamento destas instalacións, favorecendo a separación en orixe dos residuos xerados e a recuperación e reciclaxe dos materiais.

Actualmente existen en Galicia un total de 115 puntos limpos, construídos e distribuídos entre as catro provincias galegas, que poden ter un maior aproveitamento mediante estas axudas, que foron convocadas por primeira vez o pasado ano co obxectivo de acadar unha mellor eficacia no aproveitamento dos puntos limpos construídos, potenciando o seu emprego por parte dos posibles usuarios; fomentar a utilización de mecanismos ou instrumentos de autosuficiencia financeira e primar a aqueles concellos que adopten acordos para a xestión conxunta entre varios municipios.

No ano 2007, a Consellería de Medio Ambiente dispuxo para estas axudas unha partida económica de 1 millón de euros, resultando beneficiarios un total de 54 solicitantes. No que atinxe á orde de axudas aprobada hoxe, a única diferenza coa anterior é que terá carácter plurianual, é dicir, que estará vixente para os anos 2008 e 2009.

Poderán solicitar as axudas aqueles concellos, entidades locais, mancomunidades ou outras agrupacións de municipios legalmente constituídas, de xeito individual ou en unión, ás que lle corresponda o servizo público de xestión do punto limpo e soporten, en consecuencia, os custos derivados destas actuacións. Quedan incluídos tamén os beneficiarios do ano 2007, que poderán optar novamente ás axudas.



Importe

O custo medio anual estimado para a xestión dun punto limpo é de 60.000 euros, e tendo en conta esta cifra, o importe das axudas para as entidades locais que resultaron beneficiarias no pasado ano -2007- será como máximo dun 22% sobre o custo medio estimado, é dicir, 13.200 euros para as solicitudes que reúnan entre 1 e 10 puntos; dun 26% para as que reúnan entre 10 e 15 puntos, o que supón 15.600 euros, e dun 30% sobre o custo medio estimado para as instalacións que reúnan máis de 15 puntos, o que supón 18.000 euros.

Para as demais entidades locais solicitantes, as porcentaxes de aplicación son dun 25% sobre o custo medio anual estimado para as solicitudes que reúnan entre 1 e 5 puntos, é dicir, 15.000 euros; un 30% para as que reúnan entre 6 e 10 puntos, o que supón 18.000 euros de axuda; e un 35% sobre o custo medio estimado para as que reúnan máis de 10 puntos, 21.000 euros.

Á hora de baremar as solicitudes, a consellería terá en conta aspectos como a poboación atendida, a existencia dun servizo de recollida domiciliaria de residuos voluminosos e a recollida especial de aparellos electrónicos ou eléctricos. Así mesmo, avaliaranse os resultados obtidos da recollida selectiva de envases, segundo os datos dos que dispón a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Outro criterio que se terá en conta será o acordo do solicitante con outras entidades locais (un mínimo de tres) para xestión conxunta do punto limpo, coa finalidade de achegar o servizo ao maior número de usuarios posibles.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DESTINA 1,9 MILLÓNS DE EUROS AO PROXECTO DE ABASTECIMENTO DE AUGA A SARRIA

- *A obra ten un custo total de 3,1 millóns e será cofinanciada entre Consellería de Medio Ambiente, que achegará o 60% do orzamento, e o concello lucense, que contribuirá co 40% restante, segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta*
- *A actuación permitirá solucionar os problemas de subministro que sofre a localidade nas épocas de maior consumo de auga*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destinará 1,9 millóns de euros ao proxecto de construción do novo abastecemento de auga ao Concello de Sarria (Lugo). O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnica e financeira entre a Administración autonómica e a local para a execución desta actuación, que ten un custo total de 3.172.264 euros, dos que a consellería achegará o 60% e o concello o 40% restante.

A achega de Medio Ambiente distribuirase en tres anualidades, a primeira de 200.000 euros para este ano; a segunda de 1 millón de euros para o 2009 e a última de 700.000 euros en 2010. O prazo de execución do proxecto é de 24 meses.

O obxectivo da obra é solucionar os problemas de subministración de auga que padece o Concello de Sarria nas épocas de maior consumo. A solución proposta consiste na construción dunha nova estación de tratamento de auga potable (ETAP), dous novos depósitos de regulación de 3.000 metros cúbicos que se instalarán en San Fiz e un bombeo novo, dende os depósitos de regulación á zona de Oural, coa súa correspondente impulsión a un depósito de 500 metros cúbicos.

A actuación prevista incluírá a impermeabilización dos paramentos interiores dos dous depósitos sitos en Campo da Feira, así como a substitución de válvulas e accesorios en mal estado e a instalación dun sistema de cloración.



A CONSELLERÍA DE TRABALLO COLABORA CON MÁIS DE 650.000 EUROS EN ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS PROMOVIDAS POLOS AXENTES ECONÓMICOS E SOCIAIS

- *O Goberno galego asinará un convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia e as tres centrais sindicais con maior representación na nosa Comunidade*

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo, a Confederación de Empresarios de Galicia e as organizacións sindicais UGT-Galicia, CCOO de Galicia e a CIG, que contará cun orzamento para o ano 2008 de máis de 650.000 euros. O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as institucións asinantes para o desenvolvemento de actividades e accións de prevención de riscos laborais.

Así, as actividades formativas que se impartirán consistirán na realización de cursos de nivel básico de servizos de prevención, de 30 a 50 horas; cursos de prevención de nivel superior, cunha duración de 600 horas; así como xornadas técnicas e seminarios de prevención de riscos laborais, cunha duración mínima de 5 ou 6 horas.

A finalidade da posta en marcha destas actividades formativas é facilitar aos participantes a capacitación precisa para desenvolver as funcións atribuídas pola Lei de prevención de riscos laborais. Tamén se pretende fomentar a cultura da prevención na xestión empresarial e facilitar as ferramentas básicas para avaliar, xestionar e controlar os riscos laborais.

A sinatura destes convenios está xustificada pola necesidade de adoptar medidas para garantir que o traballo se realice de forma segura, polo que o coñecemento dos riscos e medidas preventivas ten unha especial importancia. O Goberno galego é consciente de que este reto só pode garantirse por medio da información e a formación dos traballadores sobre seguridade e saúde.

Nesta tarefa, a Consellería de Traballo considera que as organizacións empresariais e sindicais deben desempeñar un papel protagonista e determinante. Pola súa banda, a Administración debe desenvolver o papel de coordinadora e dinamizadora das actividades que os axentes sociais programen no marco das súas competencias e das súas funcións.



A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO DESTINA 6 MILLÓNS DE EUROS PARA DIVERSAS ACTUACIÓNS DE REXENERACIÓN DE ESPAZOS URBANOS NA CIDADE VELLA E PESCADERÍA, NO CONCELLO DA CORUÑA

- *As actuacións previstas inclúen a renovación das redes de augas, soterramento de cables e renovación de pavimento e mobiliario urbano, que serán recollidas nun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello*

O Concello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 6 millóns de euros ata o 2010 para levar a cabo diversas actuacións incluídas no Plan de rexeneración dos espazos urbanos na Cidade Vella e Pescadería, no Concello da Coruña. Ambas as administracións asinarán un convenio de colaboración para o desenvolvemento destas melloras.

A distribución plurianual do investimento será a seguinte: 806.250 de euros no 2008, outros 2,9 millóns de euros no 2009 e, finalmente, 2.293.750 € no ano 2010.

A Consellería de Vivenda e Solo ten entre as súas funcións o fomento da rehabilitación, recuperación e renovación dos centros históricos, dos tecidos urbanos degradados, das áreas de rehabilitación, do medio rural e das vivendas e edificacións destes ámbitos, mediante todo tipo de axudas e a sinatura de convenios de colaboración con outros organismos ou entidades.

Entre as actuacións previstas está a restitución completa se fose preciso das redes de augas pluviais e fecais e de abastecemento de auga, soterrado dos hidrantes contra incendios e dos cables de iluminación pública, aloxamento de condutos soterrados suficientes para a instalación no futuro de cables de telecomunicacións, electricidade e cable óptico, renovación do pavimento, mobiliario urbano e ornamentación incluído o acondicionamento de zonas verdes.

Estes traballos realizaranse no contorno urbano, vías ou espazos de acceso dos seguintes ámbitos: Praza da Cormelana, Praza de San Nicolás, Igrexa de San Andrés, Praza de Fonte de San Andrés, Praza de España, praza de Santa Catalina, Praza Xeneral Cánovas de la Cruz, Praza da Constitución, Praza Pintor Álvarez de Sotomayor, Praza dos Anxos, Praza marqués de San Martiño, Praza Xeneral Millán Astray, Praza do Humor, Praza de Cortaduría-Paraza de Santo Domingo, Xardín de San Carlos, Praza de Santa Bárbara, Praza da Colexiata, Cantón Grande, Praza de María Pita e Praza Xeneral Azcárraga.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN INVESTIMENTO DE 244.834 EUROS PARA O ACONDICIONAMENTO DAS FACHADAS DUN EDIFICIO DE VIVENDAS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- *A Consellería de Vivenda e Solo e a Universidade de Santiago asinarán un convenio de colaboración para a realización dos traballos de mellora en 2008*

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, un investimento de 244.834 de euros para o acondicionamento de fachadas dun edificio de vivendas da Universidade de Santiago de Compostela. Trátase dun edificio situado no Campus Sur que alberga vivendas de catedráticos.

A Consellería e a Universidade de Santiago de Compostela asinarán un convenio de colaboración para a mellora das fachadas durante este ano 2008. As obras consistirán na aplicación dun sistema de illamento térmico e pintura. Tamén se impermeabilizarán e cambiarán os pavimentos dos balcóns e se substituirán as actuais varandas de ferro por outras de aluminio con antepeitos de vidro. Por último, pintarase a carpintaría exterior de madeira do edificio.



O INVESTIMENTO REAL DA XUNTA DE GALICIA NO 2007 ACADOU OS 1.264 MILLÓNS DE EUROS, UN 12% MÁIS QUE O ANO ANTERIOR

- *O incremento dos ingresos non financeiros foi do 8,8%, fronte ao aumento do 7,2% do gasto non financeiro*
- *Galicia pechou o ano pasado cun superávit de 92 millóns de euros*

A Xunta de Galicia culminou o exercicio 2007 cun incremento dos ingresos non financeiros do 8,8%, cun forte incremento do investimento produtivo do 11,8% e cun elevado grao de execución orzamentaria que acadou o 92,7%. Así se recolle no informe presentado hoxe ao Consello da Xunta polo conselleiro de Economía e Facenda, José Ramón Fernández Antonio, en relación co peche do exercicio 2007. No informe reflíctese o bo comportamento dos ingresos non financeiros que por primeira vez superaron a cifra dos dez mil millóns de euros ao chegar aos 10,638 millóns, un 8,8% máis que o ano anterior. Isto supón, ademais, un incremento de 404 millóns de euros sobre a previsión inicial de ingresos, e dicir, un 3,9% máis que a dita previsión.

A superación das previsións orzamentarias de ingresos e resultados, e o bo ritmo acadado no investimento produtivo son elementos destacados no balance do exercicio. Entre as principais magnitudes do exercicio destaca o menor crecemento do gasto corrente (+7,07%) respecto dos ingresos desta mesma natureza (+9,26%), o que permitiu elevar nun 19,8% o aforro ata os 1.847 millóns de euros. Isto permitiu o financiamento do investimento produtivo de tal forma que o investimento real acadou os 1.264 millóns de euros e supera a cifra do exercicio anterior nun 11,8%.

Igualmente, fronte a un gasto non financeiro do 7,2% sobre o ano anterior, o investimento produtivo medra ese 11,8% e acadou un grao de execución do investimento real sobre o crédito inicial do 94,8%, máis dun punto por riba do ano anterior. No conxunto do orzamento consolidado o nivel de execución orzamentaria acadou o 92,7%, seis décimas máis que o ano anterior.

O positivo comportamento dos ingresos radica fundamentalmente na evolución da economía galega que culminou o exercicio cun crecemento do 4%, dúas décimas máis que a media española. O superávit do exercicio acadou os 92 millóns de euros en termos de contabilidade nacional o que permite abordar o presente exercicio nunha posición sólida financeiramente.